

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 31 de xullo de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se determinan os prazos de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan programas de cualificación profesional inicial e se ditan instrucións para o seu desenvolvemento no curso académico 2012/13.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina no primeiro punto da disposición adicional terceira que os módulos específicos asociados a unidades de competencia de cualificacións profesionais de nivel 1 incluídos nos programas de cualificación profesional inicial desenvolverán a competencia do perfil profesional e formarán parte da formación profesional do sistema educativo.

A Orde do 13 de xullo de 2011 regula os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia.

A disposición derradeira primeira desta orde autoriza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para ditar as disposicións que cumpran para a súa aplicación e o seu desenvolvemento.

En virtude do anterior, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. *Prazo de presentación de solicitudes de admisión e documentación*

1. O prazo de presentación de solicitudes para cursar o primeiro ou o segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial será o abranguido desde o día 3 de setembro ata as 13.00 horas do día 12 de setembro.

2. A documentación que debe presentar o alumnado na secretaría do centro que ofrezca o programa é a establecida no artigo 17 da Orde do 13 de xullo de 2011 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Con independencia do anterior e para os efectos de aplicación do criterio de prioridade establecido no artigo 18.2.b) da citada Orde do 13 de xullo de 2011, o alumnado solicitante

poderá presentar unha certificación de escolarización do centro de procedencia no curso académico anterior.

3. A matrícula no primeiro e segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial poderá formalizarse nalgún dos centros autorizados na oferta de programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2012/13.

Segundo. *Procedemento de admisión e matrícula*

1. De acordo co establecido no artigo 15.4 do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a incorporación a un programa de cualificación profesional inicial do alumnado escolarizado no curso anterior non requirirá un novo procedemento de admisión, agás que coincida cun cambio de centro.

Para estes efectos, o alumnado dos centros asociados nas modalidades B terá a mesma consideración que o alumnado do propio centro en que se formalice a matrícula.

2. Consonte o anterior, para a adxudicación de prazas terá prioridade o alumnado matriculado no curso anterior no centro e, se non existen prazas suficientes para atender todas as solicitudes, o procedemento de adxudicación realizarase conforme o establecido no artigo 18 da citada Orde do 13 de xullo de 2011.

O sorteo público para resolver a adxudicación de prazas, segundo se determina no artigo 18.2.d) da citada Orde do 13 de xullo de 2011, aterase ao disposto na Resolución do 1 de marzo de 2012, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o artigo 34.3 da Orde do 17 de marzo de 2007. Conforme o resultado do sorteo, será a letra «E» a letra de prioridade que afecte o primeiro apelido e, de ser o caso, igualmente a letra «O» a que afecte o segundo apelido, para os efectos de resolución do desempate na orde de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos no curso 2012/13.

3. As secretarías dos centros, ademais de recoller as solicitudes para a admisión aos programas de cualificación profesional inicial, cargarán os datos de inscrición para o primeiro curso na aplicación informática Ciclosadmission, facilitada pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

A formalización dos datos na aplicación informática realizarase desde o 5 de setembro ata as 14.00 horas do día 12 de setembro.

4. Os centros educativos farán pública a listaxe de alumnado admitido en cada un dos programas ofrecidos o día 14 de setembro.

5. O prazo de matriculación para o alumnado adxudicado no programa solicitado será do 14 ao 18 de setembro, ambos os dous incluídos.

Terceiro. *Realización do módulo de FCT nas modalidades A e B*

1. Con carácter xeral, o período de realización do módulo de FCT en período ordinario será o mes de xuño, e poderá iniciarse no mes de maio, tendo en conta que a sesión de avaliación final do alumnado do primeiro curso de programas de cualificación profesional inicial se realizará a partir do 21 de xuño, consonte o disposto no punto 3.1 do artigo 12 da Orde do 13 de xuño de 2012 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2012/13 nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

2. O alumnado non apto no módulo de formación en centros de traballo ou que recupere os módulos pendentes na avaliación final de módulos deberá formalizar unha nova matrícula no curso académico seguinte para cursar o módulo de formación en centros de traballo en período extraordinario.

3. Con carácter xeral, o período de realización do módulo de FCT en período extraordinario será o mes de setembro. Ao seu remate terá lugar a sesión de avaliación final extraordinaria de módulos do primeiro curso.

Cuarto. *Realización das sesións de avaliación na modalidade B*

As sesións de avaliación na modalidade B realizaranse no centro en que figure matriculado o alumnado do programa. Para tal fin, as xefaturas de estudos dos centros implicados coordinarán as datas e os horarios de avaliación.

Quinto. *Convenios específicos de colaboración na modalidade C mixta*

1. Para a sinatura de convenios específicos de colaboración para a realización dos módulos específicos profesionais na modalidade C mixta, así como para a posible rescisión destes, aplicarase o establecido na disposición cuarta da Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación

profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Para o establecemento da duración dos convenios específicos de colaboración a que se refire o punto anterior desta disposición terase en conta que a sesión de avaliación final do alumnado do primeiro curso de programas de cualificación profesional inicial se realizará a partir do 21 de xuño, consonte o disposto no punto 3.1 do artigo 12 da Orde do 13 de xuño de 2012 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2012/13 nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

Sexto. Programación dos módulos específicos profesionais na modalidade C mixta. Plan individualizado

1. A realización dos módulos específicos profesionais na modalidade C mixta exixirá a elaboración, polo titor ou a titora do programa, dun plan individualizado de formación, consistente nun conxunto de actividades formativo-productivas de referencia en relación cos resultados de aprendizaxe recollidos no perfil do programa, que o alumnado terá que realizar nos centros de traballo durante as horas e os períodos establecidos para tal fin.

2. De xeito excepcional, cando se constate que nalgúnhas zonas ou nalgúns sectores o posto formativo ofrecido por un centro de traballo sexa insuficiente para alcanzar todos os resultados de aprendizaxe necesarios para a consecución da competencia profesional recollida no perfil do programa, o titor ou a titora poderá seleccionar un segundo centro de traballo que permita completar a formación requirida. Nese caso, formalizarase un plan individualizado de formación específico para cada empresa ou centro de traballo.

O anterior será de aplicación en caso de que o horario produtivo dunha empresa ou dun centro de traballo sexa insuficiente para completar o número total de horas de formación correspondentes aos módulos específicos profesionais.

Sétimo. Seguimento dos módulos específicos profesionais na modalidade C mixta

1. O titor ou a titora do centro educativo establecerá canles de comunicación coa persoa designada para realizar as tarefas de titoría e seguimento do centro de traballo que garantan o seguimento e a avaliación do alumnado do programa. Establecerán un calendario de visitas aos centros de traballo que incluírá, ademais das previas para a xestión, un mínimo dunha visita mensual de seguimento para observar directamente as actividades que o

alumnado realice e rexistrar o seu propio seguimento, co fin de verificar a consecución das competencias profesionais propias da cualificación profesional.

2. Ademais das visitas aos centros de traballo, a hora de titoría semanal no centro educativo aproveitarase para realizar actividades de seguimento, asesoramento e apoio.

3. Para a compensación dos gastos derivados do seguimento dos módulos específicos profesionais na modalidade C mixta observarase o disposto nos puntos 3, 4, 5 e 6 da disposición sétima da Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. O profesorado encargado do seguimento dos módulos específicos profesionais na modalidade C mixta terá dereito a unha redución de ata tres períodos lectivos, consonte se establece para a titoría de ciclos formativos no artigo 84 da Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e o seu funcionamento.

Octavo. Terceira avaliación parcial e avaliación final de módulos na modalidade C mixta

1. Na terceira avaliación parcial rexistrárase para todo o alumnado un «accede» no módulo de formación en centros de traballo con independencia da cualificación do resto de módulos do curso.

2. Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos do primeiro curso deixarase un período non superior a un mes que se destinará ás actividades a que se fai referencia no artigo 30.5 da citada Orde do 13 de xullo de 2011 no centro educativo e á formación dos módulos profesionais na empresa, mantendo o horario previsto no curso.

3. Na avaliación final de módulos do primeiro curso só se poderá pór «apto» no módulo de formación en centros de traballo ao alumnado que teña superados os restantes módulos do primeiro curso.

Noveno. Renuncia ao módulo de formación en centros de traballo nos programas de cualificación profesional inicial.

1. Logo de iniciado o módulo de formación en centros de traballo, poderase renunciar a el sempre que se dea algunha das circunstancias recollidas no artigo 22.1 da Orde do 13

de xullo de 2011 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia. As solicitudes deberán presentarse perante o director ou a directora do centro nun prazo de, polo menos, dez días hábiles antes da avaliación final de módulos correspondente.

2. O alumnado procedente de renuncia nas modalidades A e B poderá realizar, por unha soa vez, o módulo de FCT en período extraordinario no mes de setembro, e non se terán en conta as xornadas realizadas antes de solicitar a renuncia.

Décimo. *Rescisión de convenios*

1. O centro procederá á baixa de oficio do alumnado excluído dun convenio para a realización dos módulos específicos profesionais na modalidade C mixta, ou do módulo de FCT no resto das modalidades, nos casos recollidos no punto 3 da disposición cuarta da citada Orde do 28 de febreiro de 2007.

Non procederá a baixa de oficio con respecto ao alumnado incorporado ao programa en idade de escolarización obrigatoria, que poderá ser reincorporado ao nivel de educación secundaria obrigatoria de procedencia, consonte o establecido nos artigos 23.6 e 24 da citada Orde do 13 de xullo de 2011.

2. A Administración educativa garantirá un novo posto formativo nos casos en que as causas de rescisión do convenio non sexan imputables ao alumnado.

Décimo primeiro. *Horario do profesorado de centros públicos previo á avaliación final*

Mentres o alumnado do programa de cualificación profesional inicial estea a realizar o módulo profesional de formación en centros de traballo, e logo de realizada a terceira avaliación parcial de módulos do primeiro curso na modalidade C mixta e no réxime integrado para o período a que se refire o artigo 34.1 da citada Orde do 12 de xullo de 2011, manterase o horario previsto no centro educativo para os módulos, ata a sesión de avaliación final de módulos correspondente, consonte o establecido nos artigos 30.5, 34.4 e 36.5 da citada Orde do 13 de xullo de 2011. Durante este período, o profesorado con atribución docente no programa de cualificación profesional inicial realizará, entre outras, algunha das seguintes actividades:

a) Impartición e avaliación de actividades de recuperación ao alumnado que teña pendente de superar algún módulo.

b) Realización de actividades de preparación para as probas de acceso a ciclos de grao medio e/ou de iniciación aos módulos do segundo curso do programa e/ou de reforzo dos módulos profesionais, de ser o caso.

c) Apoio e reforzo naqueles módulos con alumnado repetidor, pertencentes ás ensinanzas de formación profesional inicial da mesma familia profesional, para os que se teña atribución docente segundo figura nos correspondentes currículos.

d) Apoio á titoría do programa, e á coordinación e seguimento da FCT.

e) Realización voluntaria de operacións programadas polo departamento para a mellora das instalacións onde se imparta o programa de cualificación profesional inicial.

f) Impartición de actividades formativas e accións que se desenvolvan nos centros integrados de formación profesional.

g) Outras que a dirección do centro lle encomende, dentro do seu ámbito de competencias.

Décimo segundo. *Módulos profesionais de oferta de centro no réxime integrado*

Os centros autorizados para ofrecer o primeiro curso dun programa de cualificación profesional inicial polo réxime integrado seleccionarán, doutro perfil profesional, un módulo profesional de oferta de centro dos que se recollen no anexo da presente resolución, de acordo co establecido no artigo 12.2.b) da Orde do 13 de xullo de 2011 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición adicional primeira. *Matrícula no segundo curso por promoción na avaliación final extraordinaria*

O alumnado que tras a avaliación final extraordinaria do presente curso teña superados todos os módulos de primeiro poderá formalizar a matrícula no segundo curso, que quedará condicionada á existencia de prazas vacantes, nalgún dos centros autorizados na oferta de segundo curso de programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2012/13.

Disposición adicional segunda. *Avaliación dos módulos voluntarios do programa*

Consonte o establecido no artigo 19.4 da citada Orde do 13 de xullo de 2011, o alumnado do segundo curso dos programas de cualificación profesional inicial poderá

ser avaliado dos módulos voluntarios nas mesmas condicións que as establecidas na normativa vixente da educación secundaria para persoas adultas para os ámbitos do módulo catro.

Disposición derradeira única

Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2012

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

ANEXO

Módulos profesionais de oferta de centro autorizados para o réxime integrado

Familia profesional	Código do perfil	Denominación do perfil	Código	Módulo profesional
Actividades físicas e deportivas	PAFD01	PCPI de asistencia en actividades e en instalacións deportivas	ME0116	Asistencia a técnicos deportivos na organización de espazos, actividades e material.
			ME0117	Operacións preventivas de seguridade e asistencia en caso de emerxencia.
Administración e xestión	PADG01	PCPI de servizos administrativos	ME0021	Operacións administrativas e de comunicación.
			ME0022	Arquivo e reprografía.
Agraria	PAGA03	PCPI de arranxos florais	ME0050	Operacións auxiliares de mantemento de instalacións, maquinaria, equipamentos e ferramentas de floraría.
			ME0051	Recepción e acondicionamento de materias primas e materiais de floraría.
			ME0053	Servizos básicos de floraría e atención ao público.
	PAGA04	PCPI de gandaría	ME0157	Reproducción gandeira.
			ME0158	Manexo da produción en explotacións gandeiras.
			ME0159	Pastoreo de gando.
			ME0160	Mantemento de instalacións e manexo de maquinaria e equipamentos en explotacións gandeiras.

Familia profesional	Código do perfil	Denominación do perfil	Código	Módulo profesional
Artes gráficas	PARG01	PCPI de reprografía	ME0092	Recepción e despacho de traballos.
	PARG02	PCPI de operacións en industrias gráficas	ME0123	Equipamentos informáticos e periféricos en industrias gráficas.
			ME0124	Empaquetaxe, amoreamento e paletización en industrias gráficas.
			ME0125	Manipulación de cargas con carretas elevadoras.
Comercio e márketing	PCOM01	PCPI de comercio	ME0084	Preparación de pedidos.
			ME0086	Atención básica á clientela.
Edificación e obra civil	PEOC01	PCPI de albanelaría	ME0059	Labores auxiliares de obra.
			ME0060	Pastas, morteiros, adhesivos e formigóns.
			ME0061	Obras de fábrica para revestir.
			ME0062	Vertentes de cubricións.
	PEOC02	PCPI de revestimentos de obra	ME0059	Labores auxiliares de obra.
			ME0060	Pastas, morteiros, adhesivos e formigóns.
			ME0079	Tratamento dos soportes para revestimentos na construción.
			ME0080	Revocaduras e gornecementos.
			ME0081	Pintura e materiais de imprimación e protectores na construción.
			ME0059	Labores auxiliares de obra.
Electricidade e electrónica	PELE03	PCPI de montaxe e mantemento de equipamentos eléctricos e electrónicos	ME0145	Ensamblaxe na montaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos.
			ME0146	Conexión na montaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos.
Hostalaría e turismo	PHOT01	PCPI de cociña	ME0039	Aprovisionamento, seguridade e hixiene.
	PHOT02	PCPI de servizos de restauración	ME0039	Aprovisionamento, seguridade e hixiene.
Imaxe persoal	PIMP01	PCPI de estética	ME0025	Coidados estéticos básicos de uñas.
			ME0026	Depilación mecánica e descoloración da peluxe.
			ME0027	Maquillaxe social.
	PIMP02	PCPI de peiteado	ME0025	Coidados estéticos básicos de uñas.
			ME0029	Hixiene e asepsia aplicadas ao peiteado.
			ME0030	Montaxes para cambios de forma e inicio do peiteado.
			ME0031	Aplicación de cosméticos para os cambios de cor do cabelo.
Industrias extractivas	PIEX01	PCPI de pedra natural	ME0127	Manipulación de bloques, bolos e rachóns.
			ME0129	Manipulación de cargas con carretas elevadoras.

Familia profesional	Código do perfil	Denominación do perfil	Código	Módulo profesional
Informática e comunicacións	PIFC01	PCPI de informática	ME0009	Mantemento de sistemas microinformáticos.
Madeira, moble e cortiza	PMAM01	PCPI de carpintaría	ME0014	Instalación e embalaxe.
Marítimo-pesqueira	PMAP01	PCPI de pesca e transporte marítimo	ME0073	Manobra e mantemento do buque.
			ME0074	Garda de navegación e goberno do buque.
			ME0076	Garda de navegación na cámara de máquinas e operacións auxiliares.
			ME0077	Seguridade, primeiros auxilios e respecto polo ambiente.
Química	PQUI01	PCPI de almacenaxe en industrias e laboratorios químicos	ME0153	Limpeza e desinfección en laboratorios e industrias químicas.
Sanidade	PSAN01	PCPI de traslado e mobilización en centros sanitarios	ME0149	Comunicación de información, e ordenación e traslado de documentos, materiais e equipamentos.
Servizos socioculturais e á comunidade	PSSC01	PCPI de emprego doméstico	ME0088	Limpeza doméstica.
	PSSC02	PCPI de limpeza de edificios, locais e moblaxe	ME0099	Limpeza, tratamento e mantemento de chans, paredes e teitos.
			ME0100	Limpeza de moblaxe interior.
Téxtil, confección e pel	PTCP01	PCPI de costura	ME0055	Atención á clientela.
			ME0056	Materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos de confección.
	PTCP02	PCPI de reparación de calzado e marroquinaría	ME0107	Materiais e servizos en reparación de calzado e marroquinaría.
			ME0108	Reparación de artigos de marroquinaría.
	PTCP03	PCPI de tapizaría	ME0111	Materiais e servizos en tapizaría.
			ME0113	Enteado de paredes e tapizado de paneis murais.
	PTCP04	PCPI de cortinaxe e complementos de decoración	ME0132	Iniciación en materiais, produtos e procesos téxtiles.
	PTCP05	PCPI de lavandaría	ME0136	Materiais e artigos téxtiles.
			ME0137	Lavado acuoso de roupa.
			ME0138	Lavado en seco de roupa.
Mantemento de vehículos autopropulsados	PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos	ME0016	Mecanizado básico.
	PTMV02	PCPI de mantemento estrutural e superficial de embarcacións	ME0143	Reparación de elementos de plástico reforzado con fibra.
Vidro e cerámica	PVIC01	PCPI de cerámica	ME0064	Coadura e reprodución.
			ME0066	Esmaltado e decoración manual.
			ME0067	Cocción.